

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN	2
2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	2
3. OBXECTIVOS.....	3
3.1. Obxectivos xerais	3
3.2. Obxectivos específicos da área de lingua estranxeira e contribución aos obxectivos xerais na Ed. Infantil	4
4. COMPETENCIAS BÁSICAS.....	7
5. CONTIDOS.....	11
5.1. Contidos de 4º Educación Infantil.....	12
5.2. Contidos de 5º Educación Infantil.....	15
5.3. Contidos de 6º Educación Infantil.....	17
5.4. Contidos Transversais.....	20
6. METODOLOXÍA	21
6.1. Organización: espazos, grupos e tempo.....	22
6.2. Materiais.....	22
6.3. Actividades.....	22
7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	24
8. PLANS E PROXECTOS.....	25
9. AVALIACIÓN.....	25
9.1. Procedementos e Instrumentos de Avaliación	27
9.2. Avaliación do traballo docente.....	27
9.3. Criterios de avaliación.....	28

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Esta programación da área de Lingua Estranxeira está referida a toda a etapa de Ed. Infantil pertencente ao C.E.I.P. Pedro Barrié de la Maza, constituída por **oito aulas** que escolarizan a nenos/as de educación infantil.

Para a elaboración desta programación terase en conta principalmente a Lei Orgánica de Educación do 3 de maio (**LOE**), o **Decreto 330/2009** do 4 de xuño polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o **Decreto 105/2014** do 4 de setembro polo que se establece o currículo para a Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxectivo primordial desta programación é o de garantirlle unha educación en lingua estranxeira común ao conxunto do alumnado que cursa Ed. Infantil e asegurar unha educación non discriminatoria que considere as posibilidades de desenvolvemento das nenas e nenos.

Nesta programación describiranse os obxectivos e contidos establecidos para toda a etapa de infantil e en particular para a área de lingua estranxeira; as competencias básicas e a educación en valores das que partiremos baseándonos no actual decreto de infantil para a nosa comunidade; as orientacións metodolóxicas que teremos en conta na elaboración das nosas programacións de aula, a atención á diversidade, a cal non soamente referencia ás nenas e nenos con necesidades específicas de apoio educativo senón a calquera tipo de carencia ou diversidade que se presente nas aulas e, por último, aos criterios de avaliación elaborados segundo a **Orde do 25 de xuño de 2009** pola que se regula a implantación e o desenvolvemento segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e a **Orde do 9 de xuño de 2016** que regula a avaliación e promoción dos estudantes na Educación Primaria.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O centro: non dispón de aula de Inglés en Educación Infantil, polo que as sesións levaranse a cabo nas diferentes clases dos diferentes grupos. Todas as clases teñen grandes ventás e están ben iluminadas. Contan ademais con aseo e co equipamento necesario: unha mesa e cadeira para a mestra, un ordenador para o uso da mestra, un encerado interactivo e un proxector, un encerado tradicional e diferentes materiais e xoguetes.

O alumnado: repartese en oito grupos de Educación Infantil: tres aulas de 3 anos, dúas aulas de 4 anos e tres aulas de 5 anos.

A área de Lingua Estranxeira: Co gallo de que o alumnado adquira a competencia comunicativa, esta Programación Didáctica promoverá o use de materiais auténticos (*realia*), recursos audiovisuais e a integración de habilidades lingüísticas. Asemade, a coordinación coas profesoras titoras e coas profesoras de Inglés de Primaria será esencial para establecer un enfoque común. Ademais, será necesario que as alumnas e alumnos desenvolvan actitudes de tolerancia e respecto cara as diferentes linguas e culturas.

3. OBXECTIVOS

3.1. Obxectivos xerais

Os obxectivos desta etapa están reflectidos no artigo 13 da LOE así como no Artigo 3 do Real Decreto de Ensinanzas Mínimas para segundo ciclo de Educación Infantil, e están destinados a desenvolver nas nenas e nenos unha serie de capacidades, referidas a cinco grandes tipos: as cognitivas ou intelectuais, de equilibrio persoal e afectivas, as sociais, as motrices e as de relación interpersoal. Ditos obxectivos lles permitirán:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.**
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.

- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación

3.2. Obxectivos específicos da área de lingua estranxeira e contribución aos obxectivos xerais na Ed. Infantil

O principal obxectivo da área de Inglés é axudar ao alumnado a que adquirira a competencia comunicativa. Esta programación contribúe ao desenvolvemento e consecución dos seguintes obxectivos de Educación Infantil:

A. Coñecemento de si mesmo e Autonomía persoal

- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e desfrutando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo hábitos de respecto, axuda e colaboración e evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Formarse unha autoimaxen axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e alcanzando maior autonomía persoal.
- Coñecer e respectar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión, coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Mostrar unha actitude de aceptación y respecto polas diferencias individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...

- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Adquirir progresivamente hábitos de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.

B. O medio físico, natural, social e cultural.

- Observar e explorar de forma activa a súa contorna, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mostrando interese polo seu coñecemento.
- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conducta a elas.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade á que pertencen.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos a súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
- Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio recoñecendo as súas función e usos cotiás e mantendo unha actitude de respecto e coidado cara obxectos propios e alleos.
- Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e súa aplicación na vida diaria.
- Observar os cambios e modificacións aos que están sometidos os elementos do entorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.
- Coñecer e respectar outros pobos do mundo.

- Coñecer diferentes formas de acceso á cultura mostrando interese por coñecer distintos costumes, tradicións, formas de vida..., utilizando diversos medios de comunicación e información para iso.
- Participar en manifestacións culturais asociadas aos países nos que se fala a lingua estranxeira.

C. As linguaxes: comunicación e representación

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de desfrute.
- Expresar emocións, necesidades, desexos, intereses, sentimentos... mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes.
- Mostrar unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
- Aumentar progresivamente o vocabulario.
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo de adestramento e gozo.
- Achegarse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos de contos clásicos e de poemas literarios, mostrando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais -o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara as linguas.
- Iniciarse no coñecemento e uso dalgunhas palabras básicas en lingua estranxeira relacionadas coas rutinas da vida cotiá e coas actividades que se realizan dentro da aula.

- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse nas actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Participar en xogos sonoros, reproducindo palabras ou textos orais breves na lingua estranxeira.
- Utilizar as normas elementais de cortesía para saudar e despedirse.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC -ordenadores, internet, encerado dixital interactiva, escáner, vídeo...- como ferramentas de búsqueda de información, creación, expresión e comunicación.
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.
- Coñecer algunhas cancións infantís e participar en representacións musicais.

4. COMPETENCIAS BÁSICAS

A LOE, Lei Orgánica 2/2006, de 3 de Maio, de Educación, o Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Infantil na nosa Comunidade introducen unha serie de competencias básicas que o alumnado deberá de ter adquiridas ao finalizar o ensino obrigatorio. A UNESCO reconece oito competencias básicas que teremos en conta na nosa intervención educativa como referente no desenvolvemento das capacidades dos nenos/as. Debido ao carácter lingüístico da área de Lingua Estranxeira a Competencia en Comunicación Lingüística será promovida de forma sistemática, en si mesma e ligada á linguaxe xestual a kinestésica, así como en relación coas linguas da contorna: galego e castelán.

Ditas competencias son as seguintes:

1. Competencia en Comunicación Lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento das emocións e da conduta.

Contribuirase á mellora da competencia lingüística desde a lingua estranxeira fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler e conversar dende unha escoita activa e participativa.

2. Competencia Matemática

Consiste na habilidade para empregar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información, como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Contribuirase á mellora da competencia matemática desde a lingua estranxeira na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos sexan empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen.

3. Competencia no Coñecemento e a Interacción co Mundo Físico

Esta competencia refírese á habilidade para interactuar co mundo físico, de modo que se facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias, así como o coidado do medio natural e a protección da saúde individual e colectiva.

Contribuirase, polo tanto, á adquisición desta competencia desde educación infantil na área da lingua estranxeira potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, formular interrogantes, descubrir alternativas, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións... presentando aos nenos/as o medio que lles rodea de forma que poidan interactuar directamente con el.

4. Tratamento da Información e Competencia Dixital

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e mais para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Dende a área de lingua estranxeira contribuírase a mellorar esta competencia a través do uso da información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles introducindo aos alumnos e alumnas no mundo das novas tecnoloxías.

5. Competencia Social e Cidadá

Esta competencia posibilita comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora.

Así, dende a área de lingua estranxeira contribuírase ao desenvolvemento desta competencia traballando as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos de convivencia, axudan a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisións con autonomía resaltaremos a importancia de seguir unhas pautas e unhas normas para poder convivir en sociedade.

6. Competencia Cultural e Artística

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e de gozo e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Contribuírase a esta competencia dende a área de lingua ao abrir a aula ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, converténdose nun espazo en que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais, onde se potenciará o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; onde se manterá unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais e onde se impulsará cultivar a capacidade estética e creadora de cada criatura e o interese por participar na vida cultural e por

contribuír á conservación do patrimonio. Fomentárase a creatividade e o interese polo mundo da cultura.

7. Competencia para Aprender a Aprender

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

Contribuírase á mellora desta competencia deseñando unha práctica educativa que incida na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización da tarefa que se vai realizar, a selección e o tratamento da información a través dos diferentes recursos tecnolóxicos. Dotaremos ás nenas e nenos das ferramentas necesarias para que poidan lograr alcanzar aprendizaxes de xeito máis autónomo.

8. Autonomía e Iniciativa Persoal

Esta competencia refírese, por unha parte, á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas como a responsabilidade, a perseveranza, o autoconecemento e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos. Por outra parte, remite á capacidade de elixir con criterio propio, de propoñer proxectos e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais -no marco de proxectos individuais ou colectivos- responsabilizándose deles tanto no ámbito persoal, como no social e no laboral.

Contribuírase a mellorar esta competencia dende a área de lingua estranxeira permitindo imaxinar, emprender accións, desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade de tal xeito que o alumnado logre maior autonomía nas súas tarefas cotiás.

5. CONTIDOS

Os contidos educativos da Educación infantil organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os nenos e nenas.

As áreas do segundo ciclo da Educación infantil estrutúranse en diferentes bloques:

1. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Bloque 1: O corpo e a propia imaxe.
- Bloque 2: Xogo e movemento.
- Bloque 3: A actividade cotiá.
- Bloque 4: O coidado persoal e a saúde.

2. Coñecemento do contorno

- Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medidas.
- Bloque 2: Achegamento á natureza.
- Bloque 3: Cultura e vida en sociedade.

3. Linguaxes: Comunicación e representación

- Bloque 1: Linguaxe verbal.
- Bloque 2: Linguaxe artística (plástica, musical e corporal).
- Bloque 3: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación.

Estas áreas deben entenderse como ámbitos de actuación, como espazos de aprendizaxes de todo orde: de actitudes, procedementos e conceptos, que contribuirán ao desenvolvemento de nenas e nenos e propiciarán a súa aproximación á interpretación do mundo, outorgándolle significado e facilitando a súa participación activa nel.

Tomando como punto de partida ditos bloques, traballaranse os seguintes contidos dende a área de lingua estranxeira:

5.1. Contidos de 4º de Educación Infantil

1. COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	
<p>Bloque 1.- O corpo e a propia imaxe</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación dalgúns elementos do corpo en si mesmo/a e no seu compañeiro ou compañeira: cara, mans, pés... - Respecto polas diferenzas entre as persoas. - Os sentidos: sensacións e percepcións. - Sensacións do corpo: frío-calor. - Iniciación no uso do calendario.
<p>Bloque 3.- A actividade cotiá</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Emocións: enfado-rabia, medo, alegría-tristeza, amizade, regras... - Desenvolvemento de actitudes como a atención, a observación, a memoria... - Resolución pacífica de conflitos mediante o diálogo. - Actividades cotiás: de xogo, de obrigas e de rutinas. - Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo. - Actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.
<p>Bloque 4.- O coidado persoal e a saúde</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Alimentos saudables. - Colaboración e contribución ao mantemento da limpeza e orde nos medios habituais. Apreciación da orde e da limpeza nos espazos nos que se realizan as actividades cotiás.

2. COÑECEMENTO DO CONTORNO	
<p>Bloque 1.- Medio físico: elementos, relacións e medida</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Cardinais 1, 2 e 3; a súa direccionalidade e representación gráfica. - Asociación dos cardinais 1, 2 e 3 coas cantidades correspondentes e coa súa grafía. - Uso dos tres primeiros cardinais para contar obxectos. - Propiedades dos obxectos: o tamaño (grande-mediano-pequeno), a medida (longo-curto, alto-baixo) e a forma. - Formas planas: o círculo, o cadrado e o triángulo. - Gama de cores primarias: vermello, amarelo, azul e verde. - Propiedades dos obxectos: cor vermella, azul e amarela. - Diferentes tipos de obxectos: os relacionados coa alimentación e co vestido, os xoguetes...

<p>Bloque 2.- Achegamento á natureza</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Universo e astros do ceo: sol, lúa e estrelas. - Algúns fenómenos atmosféricos propios das diferentes estacións. - Algúns alimentos de orixe animal e vexetal. - Algúns animais domésticos. - Rexeitamento de actitudes negativas cara aos animais e ás plantas. - Utilización adecuada do medio e colaboración no mantemento de ambientes limpos e non contaminados.
<p>Bloque 3.- Cultura e vida en sociedade</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Pezas de vestir características das diferentes estacións. - Recoñecemento dos membros da súa familia e identificación de relacións de parentesco. - A casa e a escola: espazos, características e obxectos presentes. - Normas elementais de relación e convivencia. - Algunhas profesións: médico/a, policía, bombeiro/a, xardineiro/a, agricultor/a, panadeiro/a... - Algúns medios de transporte: coche, autobús, bicicleta, avión, tren, barco, etcétera. - Iniciación na discriminación de comportamentos adecuados e inadecuados nos distintos ámbitos nos que se desenvolve. - Xogos e xoguetes. - Celebracións e festas do ano: aniversario, Samaín/Halloween, Nadal e Entroido - Achegamento a manifestacións culturais doutros países. - Interese por establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas doutras culturas. - Interese por participar en actividades sociais e culturais.

3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

<p>Bloque 1.- Linguaxe verbal</p>	<p><i>Escoitar, falar e conversar</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario adaptado a cada unidade. - Ampliación do vocabulario. - Discriminación simple das intencións comunicativas dos demais. - Articulación e pronuncia, de forma progresivamente correcta, das palabras do vocabulario. - Uso correcto de formas socialmente establecidas para saudar e despedirse, para pedir algo, dar as grazas...
--	---	---

		<ul style="list-style-type: none"> - Respecto polas producións orais dos seus compañeiros e compañeiras. - Actitude positiva cara á lingua estranxeira. - Posibilidade de utilización dalgunhas palabras básicas aprendidas en lingua estranxeira nas actividades que se realizan na aula. - Aquelas palabras e expresións dunha lingua estranxeira que, estando relacionadas cos contidos das unidades didácticas, se poidan introducir.
	<i>Achegamento á literatura</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Textos de tradición cultural: contos, poemas, adiviñas, cancións e series. - Atención, comprensión e interpretación de contos e outros textos lidos polo adulto. - Actitude de atención e escoita nas narracións de contos.
Bloque 2.- Linguaxes artísticas: plástica-música - corporal	<ul style="list-style-type: none"> - Produción de materiais decorativos relacionados cos contidos das unidades a través das actividades plásticas. - Gusto e gozo coas actividades plásticas, valorando as producións propias e as dos demais. - Cancións infantís. - Desexos de participar en cantos e bailes. - 	
Bloque 3.- Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento a diferentes producións audiovisuais (películas, debuxos animados, videoxogos...). - Achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais. - Interese por expresarse e comunicarse coa axuda de recursos extralingüísticos. - Curiosidade polos medios audiovisuais e tecnolóxicos. - 	

5.2. Contidos de 5º de Educación Infantil

1. COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	
Bloque 1.- O corpo e a propia imaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Características diferenciais do corpo. - Imaxe global do corpo. - Educación emocional: sentimentos e emocións. - Identificación e expresión de sentimentos, necesidades, desexos propios e dos demais.
Bloque 3.- A actividade cotiá	<ul style="list-style-type: none"> - Adecuación do comportamento a distintas situacións de actividade, tanto na casa coma na escola. - Desenvolvemento de hábitos elementais de organización, atención, observación, constancia, iniciativa e esforzo nas distintas actividades. - Desenvolvemento de hábitos de traballo en equipo.
Bloque 4.- O coidado persoal e a saúde	<ul style="list-style-type: none"> - Colaboración no mantemento da orde e limpeza na casa, na clase, na veciñanza e no medio.

2. COÑECEMENTO DO CONTORNO	
Bloque 1.- Medio físico: elementos, relacións e medida	<ul style="list-style-type: none"> - As cores primarias e secundarias (amarelo, vermello, azul, verde, laranxa, morado) - Nocións básicas de medida: grande-mediano-pequeno, o máis grande-o máis pequeno, longo-curto, alto-baixo, o máis alto-o máis baixo, goso-delgado, lixeiro-pesado... - Nocións de orientación espacial: dentro-fóra, arriba-abaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dereita, arredor, sobre-baixo, entre, un lado-outro lado... - Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo e rombo. - Serie numérica: cardinais 1, 2, 3, 4, 5 e 6.
Bloque 2.- Achegamento á natureza	<ul style="list-style-type: none"> - Estacións do ano. - Plantas, froitas, fenómenos atmosféricos e obxectos de uso específico relacionados co clima. - Algúns animais domésticos e salvaxes. - Identificación e diferenciación dos animais segundo o medio no que se desenvolven. - Alimentos e produtos de orixe animal e vexetal.

Bloque 3.- Cultura e vida en sociedade	<ul style="list-style-type: none"> - A clase: dependencias, obxectos e elementos persoais. - Descrición da súa familia e identificación do parentesco entre os seus membros. - A vivenda: dependencias, características e obxectos. - Algunhas normas de comportamento na casa e na clase. - Profesións: profesor/a, carteiro/a, vendedor/a, agricultor/a, xardineiro/a, albanel, piloto, pescador/a, bombeiro/a, médico/a, oculista, dentista, pintor/a, artista... - Xogos e xoguetes. - Medios de transporte e medios físicos. - Interese por establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas doutras culturas. - Actitude de colaboración, axuda e tolerancia cos seus compañeiros e compañeiras de clase.
---	---

3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN		
Bloque 1.- Linguaxe verbal	<i>Escoitar, falar e conversar</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario relacionado coas distintas unidades. - Necesidade da comunicación. - A linguaxe oral como medio de comunicación e expresión cos outros. - Algunhas normas que rexen o intercambio lingüístico. - Algunhas normas socialmente establecidas para solicitar e para saudar e despedirse. - Uso correcto das formas socialmente establecidas para solicitar, saudar e despedirse. - Respecto cara ás opinións e ideas que expresan os seus compañeiros e compañeiras. - Comprensión das intencións comunicativas dos demais en diferentes situacións e actividades. - Aquelas palabras e expresións dunha lingua estranxeira que, estando relacionadas cos contidos da unidade, se poidan introducir. - Posibilidade de utilización dalgunhas palabras básicas aprendidas en lingua estranxeira nas actividades que se realizan na aula.

		- Actitude positiva cara á lingua estranxeira.
	<i>Achegamento á literatura</i>	- Participación en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender. - Gozo nas audicións de contos, poesías, cancións...
Bloque 2.- Linguaxes artísticas: plástica- música -corporal		<ul style="list-style-type: none"> - Produción de materiais decorativos relacionados cos contidos da unidade a través das actividades plásticas. - Esfuerzo por comprender as mensaxes que lle comunican os demais. - Cancións da unidade. Expresións corporais asociadas ao ritmo, á melodía e á letra das cancións. - Pracer coa audición e interpretación de cancións. - Actitude participativa nas interpretacións dramáticas que realizan na clase. - Interpretación e dramatización xestual de cancións.
Bloque 3.- Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e		<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos. - Achegamento a diferentes producións audiovisuais (películas, debuxos animados, videoxogos...). - Achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais. - Uso moderado das tecnoloxías da información e da comunicación.

5.3. Contidos de 6º de Educación Infantil

1. COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	
Bloque 1.- O corpo e a propia imaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Segmentos e elementos do corpo. - Sentidos do tacto, do gusto, do olfacto, do oído e da vista. - Sentimentos e emocións propios e dos demais. - Algunhas emocións: tolerancia, vergonza, decepción, amizade, xenerosidade, respecto, alegría, envexa, enfado... - Nocións básicas de orientación temporal: pola mañá-pola noite, onte, hoxe, mañá, antes, despois, fin de semana, a hora do bocadillo...

<p>Bloque 3.- A actividade cotiá</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de hábitos elementais de organización, atención, constancia, iniciativa e esforzo nas distintas actividades. - As distintas actividades cotiás: de xogo, tarefas, rutinas... - O traballo en equipo. - Adecuación do comportamento ás diversas situacións da actividade cotiá, ás necesidades e demandas dos demais. - Actitude non discriminatoria ante os seus compañeiros e compañeiras.
<p>Bloque 4.- O coidado persoal e a saúde</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Limpeza e orde na clase, no colexio, no medio...

<p style="text-align: center;">2. COÑECEMENTO DO CONTORNO</p>	
<p>Bloque 1.- Medio físico: elementos, relacións e medida</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Os corpos no espazo: arredor, entre, diante-detrás, un lado-outro lado, esquerda-dereita, preto-lonxe, xunto-separado... - Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo e óvalo. - Números cardinais ata o 10. - Propiedades dos obxectos: recto-curvo-lineal, suave-áspero, simetría, brando-duro, liso-rugoso, frío-quente, doce-salgado, rápido-lento, aberto-pechado, gama das cores... - Ordenación, comparación e clasificación de obxectos atendendo ás súas características e propiedades.
<p>Bloque 2.- Achegamento á natureza</p>	<ul style="list-style-type: none"> - As estacións. - Fenómenos atmosféricos, froitas, vestidos... relacionados co clima. - Animais de diferentes hábitats e de diversos medios. - Contribución ao mantemento de ambientes limpos, saudables e non contaminados.
<p>Bloque 3.- Cultura e vida en sociedade</p>	<ul style="list-style-type: none"> - A clase e o colexio: espazos, obxectos e normas de comportamento. - Recoñecemento de si mesmo/a como membro da súa familia. Identificación do lugar que ocupa nela. - A casa: características internas e externas. - Profesións: relacionadas co colexio (profesor/a, director/a, limpador/a, xardineiro/a), co medio (carteiro/a, garda, vendedor/a, varredor/a), cos medios de transportes (piloto, condutor/a, azafato/a, capitán/a de barco, astronauta...), coa diversión e co lecer, cos medios de comunicación

	<p>(actor/actriz, presentador/a) e cos servizos públicos (enfermeiro/a, padioleiro/a...).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Medios de transporte: globo, ambulancia, nave espacial. - Os xoguetes e Xogos. - Festas e celebracións do ano. - Discriminación de comportamentos adecuados e inadecuados nos diferentes contextos. - Actitude de colaboración e axuda cos seus compañeiros/as e cos adultos.
--	--

3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Bloque 1.- Linguaxe verbal	<i>Escoitar, falar e conversar</i>	<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe oral como medio de comunicación e expresión de distintos contidos e intencións. - Normas que rexen o intercambio lingüístico. - Uso das formas socialmente establecidas para solicitar, saudar e despedirse. - Participación en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender. - Palabras e expresións dunha lingua estranxeira relacionadas cos contidos da unidade e coas actividades cotiás. - Posibilidade de utilización dalgunhas palabras básicas aprendidas en lingua estranxeira nas actividades que se realizan na aula. - Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles. - Actitude positiva cara á lingua estranxeira.
	<i>Achegamento á literatura</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Atención, asimilación e reprodución de textos

		lidos polo/a profesor/a.
Bloque 2.- Linguaxes artísticas: plástica-música -corporal		<ul style="list-style-type: none"> - Producción de materiais decorativos relacionados cos contidos da unidade a través das actividades plásticas. - Respecto cara ás obras plásticas dos demais. - Cancións das unidades. Expresións corporais asociadas ao ritmo, á melodía e ás letras das cancións.
Bloque 3.- Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación		<ul style="list-style-type: none"> - Xogos e actividades interactivas. - Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos. - Achegamento a diferentes producións audiovisuais (películas, documentais, debuxos animados, videoxogos...). - Achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais. - Uso moderado das tecnoloxías da información e da comunicación.

5.4. Contidos Transversais

O coñecemento está detrás de materias específicas e áreas concretas. Ademais dos contidos en si mesmos, debemos ter en conta diferentes temas con temática social, como:

- **Educación para a Paz.** Promoveranse actitudes respectuosas través da cooperación e do traballo en equipo. Ademais celebrarase o día da Paz.
- **Educación para a Igualdade de Oportunidades.** Evitaranse discriminacións sexuais de calquera tipo. Por exemplo, ao falar das profesións farase sen estereotipos. Ademais conmemoraremos o Día Internacional da Muller.
- **Educación para a Saúde.** Promoveranse hábitos de vida saudable destinados a proporcionar calidade de vida, mostrando costumes que axuden ao benestar físico, mental e social do alumnado.
- **Educación Ambiental.** Desenvolveranse unha serie de hábitos e actitudes de respecto, coidado e colaboración cara a todo o que rodea aos nenos e neas. O alumando aprenderá acerca das vantaxes de reciclar e acerca da diversidade animal e das especies en perigo de extinción.

6. METODOLOXÍA

O obxectivo principal da metodoloxía debe ser axudar ao alumnado a adquirir a **competencia comunicativa**. Por esta razón, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira nos nenos da Etapa de Infantil debe ser semellante ao proceso de adquisición da lingua materna. O neno ou nena deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o arrodea. Deste xeito, esta programación está baseada nos principios do **método comunicativo** así como na **aprendizaxe baseada en tarefas** (TBL), a **resposta física total** (TPR) buscando un proceso de ensino – aprendizaxe motivador para as nenas e nenos. Así mesmo, promoverase o uso integrado das catro destrezas básicas, as receptivas (escoitar e ler) e as produtivas (falar e escribir), na medida do posible, poñendo o enfoque nas receptivas e máis especificamente na escoita.

A metodoloxía empregada será **ecléctica e significativa**, co obxectivo de fomentar o coñecemento relevante a longo prazo, polo que se terán en conta os coñecementos previos do alumnado. Así mesmo, a idade do alumnado é un factor esencial para identificar as súas **motivacións e intereses**, por este motivo, idearanse actividades, xogos, e demais recursos que busquen a participación activa dos alumnos e alumnas. Polo tanto, a mestra será a guía, recurso, organizadora, facilitadora, observadora, asesora e participante.

Por outra banda, non se pode esquecer a importancia do compoñente cultural que implica aprender unha lingua, posto que cando isto sucede non só se está a aprender vocabulario, senón tamén diferentes hábitos e costumes, polo que é moi importante establecer relacións coa cultura propia.

Por todo isto a metodoloxía empregada basease nun enfoque lúdico, mediante o emprego de cancións e contos como base desta aproximación cultural ao mundo infantil da cultura estranxeira. Estes recursos proporcionan unha aprendizaxe integral na que se combinan os sentidos e o movemento, permitindo unha mellor comprensión, interiorización e memorización da lingua a través da representación lúdica de patróns lingüísticos. Partirase da realidade e da contorna do alumnado así como da súa rutina na aula como fonte de contidos e de estrutura para a área de lingua estranxeira. O uso do reforzo visual permite desenvolver as sesións sen necesidade, salvo excepcións, do uso da lingua materna.

6.1. Organización: espazos, grupos e tempo

As clases de Inglés desenvolveranse principalmente na aula ordinaria de cada grupo, sen embargo, cando a actividade o precise serán utilizados outros espazos axeitados para a mesma, como a biblioteca, o patio, o ximnasio...

O alumnado estará agrupado en grupos estables de máximo cinco nenos ou nenas por mesa, de acordo coas medidas establecidas polo protocolo de actuación durante a situación de crise sanitaria que estamos a vivir.

En canto ás sesións, estas terán unha duración de aproximadamente 25 minutos cada unha, dúas veces por semana, nos niveis de 4º e 5º de Educación infantil. Pola contra, en 6º de educación infantil, as sesións terán unha duración de 55 minutos, unha vez por semana. Cada sesión estruturarase en tres partes: unha primeira adicada ao saúdo e rutinas diarias; unha segunda para a presentación, práctica e produción da parte da unidade didáctica correspondente a través de actividades grupais e individuais onde o input lingüístico terá un papel predominante mediante o uso de cancións, contos e vídeos; e unha terceira parte destinada ao repaso do visto durante a clase e á despedida.

Non obstante, esta estrutura será fixa pero flexible, co gallo de resolver calquera dificultade que xurda no proceso de Ensino- Aprendizaxe.

6.2. Materiais

Os materiais que se empregarán para desenvolver esta programación serán de diferente tipoloxía, como: flashcards, materiais audiovisuais, realia, libros, TICs, etc. Non se empregará libro de texto, senón que o material será proporcionado pola mestra de Inglés, xa sexa de elaboración propia ou adaptado. Deste xeito, empregaranse contos, cancións, fichas, material simbólico da aula, etc.

En canto ao material que se atopa nas aulas hai: un ordenador de aula, un proxector, unha pantalla interactiva, un encerado e diferente material de xogo simbólico e material funxible que empregaremos durante o curso.

6.3. Actividades

Tódalas actividades desta programación están deseñadas co obxectivo de que as alumnas e alumnos acaden a **competencia comunicativa** na lingua estranxeira. Polo tanto, estas serán variadas, motivadoras, adaptadas ás necesidades e intereses do alumnado, e flexibles, para así atender á diversidade que se atopa nas aulas.

Deste xeito, podemos clasificar as actividades en diferente tipos:

- **Rutinas:** Cada clase comezará con rutinas específicas para que o alumnado coloque a data e o tempo atmosférico nun calendario ao inicio de cada sesión.
- **Warm-ups:** o principal obxectivo será involucrar aos nenos e nenas na aprendizaxe da lingua estranxeira a través de xogos, cancións...empregaranse este tipo de actividades para o repaso do aprendido nas sesións anteriores.
- **Actividades para activar o coñecemento previo:** permitirán ao alumnado activar o seu coñecemento previo e conectalo con coas súas experiencias previas.
- **Actividades para a presentación, práctica e produción:** mediante as cales a lingua será presentada e practicada a través de contos, xogos e outras actividades.
- **Actividades de revisión e avaliación:** actividades deseñadas para repasar os contidos aprendidos en cada unidade e valorar a súa adquisición por parte do alumnado.
- **Actividades de Compensación:** proveranse actividades de reforzo e actividades para aqueles nenos e nenas que rematen antes (*fast finishers*).

Por outra banda, podemos clasificar as actividades en función da agrupación do alumnado. Sendo así haberá:

- **Actividades individuais:** as nenas e nenos traballan ao seu ritmo fomentando a súa autonomía.
- **Actividades en parella:** os nenos e nenas traballarán en parellas co gallo de fomentar a súa interacción e socialización.
- **Actividades en pequenos grupos:** dividiremos ao alumnado en pequenos grupos de traballo para levar a cabo algunhas actividades que fomenten a colaboración.
- **Actividades en gran grupo:** serán aquelas actividades no que a totalidade do alumnado participe ó mesmo tempo.

Debido á situación actual provocada pola aparición do COVID, evítase o uso de outros espazos diferentes das aulas ordinarias (tales como a biblioteca ou ximnasio), a non ser espazos abertos. En canto ó uso do material, tentarase restrinxir o uso de material compartido e en caso de empregarse, este será desinfectado antes de ser usado por cada neno ou nena. Do mesmo xeito, tódalas actividades grupais serán desenvolvidas seguindo os protocolos de actuación deseñados pola Consellería de Educación, isto é, mantendo os subgrupos estables asignados por cada titora.

Por outra banda, de se producir a necesidade dunha educación a distancia habilitaranse fórmulas de comunicación telemática para manter o contacto coas familias e continuar coa

actividade lectiva a través de diversos medios, como a Aula Virtual, Whatsapp, correo electrónico, etc.

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É necesario ser consciente da diversidade existente nas aulas, xa que os diferentes alumnos e alumnas teñen diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, diferentes intereses e necesidades, antecedentes, etc. Tamén é esencial ser consciente dos alumnos e das alumnas que requiren unha atención educativa diferente debido ás súas necesidades especiais educativas, como o trastorno por déficit de atención / hiperactividade (TDAH), a dotación intelectual, as condicións persoais, entre outros.

Tendo en conta todo isto, a nosa planificación debe ser aberta e flexible para poder chegar a todo o alumnado da diversidade do grupo e debemos adaptarnos:

- A **planificación**. A nosa misión como docentes é levar a cabo unha planificación coidadosa do programa, das unidades e das actividades, para poder adaptalos ós diferentes grupos ou individuos.
- A **metodoloxía**. Débense ter en conta as características individuais do alumnado cando se deseñan actividades ou cando se escolle a metodoloxía, debido ás posibles diferenzas entre os alumnos, así como os distintos tipos de intelixencia e habilidades de aprendizaxe propostas por Howard Gardner na súa "Teoría das intelixencias múltiples" como, intelixencia verbal-lingüística, intelixencia lóxico-matemática, intelixencia intrapersoal, entre outros. No que se refire á organización das clases, principalmente, o alumnado agruparase en grupos de máximo cinco. Tendo en conta que o ideal é a mestura de alumnos máis avantaxados e menos avantaxados, para axudarse mutuamente e fomentar o ensino e corrección entre iguais. *Debido á actual situación causada polo COVID, estes grupos serán aqueles establecidos pola titora.*
- O **material**. Tamén ofrecerá unha utilización flexible para satisfacer as necesidades de estudantes máis avantaxados e menos avantaxados. Ademais, haberá actividades e materiais dispoñibles para os que rematen máis rápido, actividades de reforzo, actividades en grupo para superar a heteroxeneidade, etc.

Como consideración final é importante mencionar aquí a figura das titoras e orientadoras escolares. Se as medidas mencionadas non son suficientes para adaptarse ás necesidades do noso alumno ou a algún caso particular, en colaboración cas titoras e/ou orientadores escolares, deberíanse adoptar medidas extra mediante adaptacións curriculares.

8. PLANS E PROXECTOS

Dende a área de lingua estranxeira contribuírase ó desenvolvemento de diferentes plans e proxectos para levar a práctica do Inglés máis alá das sesións de Inglés, como por exemplo:

- O **proxecto lingüístico**, desenvolvido no Decreto 79/2010, do 20 de maio; establece as linguas a empregar nas distintas áreas, medidas de reforzo, aprendizaxe temperá de linguas estranxeiras, intercambios lingüísticos ...
- O **proxecto lector**, que está directamente relacionado co anterior, o obxectivo final deste proxecto é a adquisición por parte dos alumnos da lectura como competencia básica. Tendo en conta o nivel ó que está destinado esta programación, desde a área de Inglés tentarase que o alumnado adquira gusto pola lectura a través da escoita de diferentes libros en lingua estranxeira.
- O **plan TIC**, a través do cal a escola promove o seu uso como ferramenta educativa. As TIC proporcionan un gran recurso lingüístico e melloran a aprendizaxe da lingua e cultura inglesas polos estudantes.
- A **promoción de estilos de vida saudables**, que fomente o desenvolvemento de hábitos saudables, poñendo a disposición dos alumnos e alumnas os recursos e as áreas da escola para practicar diferentes deportes ou xogos. Desde a área de linguas estranxeiras, tamén é importante promover este tipo de actividades, por exemplo mediante a comparación entre hábitos saudables na nosa cultura e na cultura da lingua de destino.
- **Plan de convivencia** que desenvolve medidas que poñen énfase na importancia dos dereitos e deberes para promover a solidariedade e os comportamentos non violentos entre todos os membros da comunidade escolar.

9. AVALIACIÓN

A avaliación é un dos compoñentes clave do proceso de ensino- aprendizaxe e debe ser entendida como fonte de información permanente. Concretamente, a través da avaliación, pódese establecer se os obxectivos foron obtidos, co propósito de mellorar a intervención pedagóxica e o proceso de aprendizaxe do alumnado. Polo tanto, avaliar debe ser un proceso continuo e global, coa finalidade de, é orientar tanto ao alumno/a como ao profesor sobre determinados aspectos do proceso educativo, como a metodoloxía, recursos, adaptacións curriculares ou detección de necesidades específicas de apoio educativo. Por elo, a avaliación implica tanto ao alumno como ao propio sistema escolar no seu conxunto, e a todos os profesionais que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe.

Por outra banda, terase moi en conta que tódolos elementos do proceso de ensino-aprendizaxe son obxecto de avaliación; dende os alumnos/as ata a propia práctica docente.

Os aspectos a avaliar tal e como se recollen na **Orde 25 de xuño de 2009** son os seguintes:

- As **condicións organizativas e os recursos dispoñibles**. Esta avaliación farase en función dos criterios organizativos e as condicións que estes delimiten nos aspectos ambientais, espaciais e temporais. Esta avaliación permitiranos coñecer a funcionalidade dos mesmos cara á consecución dos obxectivos xerais de etapa.
- A propia **programación** e a nosa **práctica docente**. É importante avaliar a adecuación da nosa programación e das nosas estratexias didácticas ós intereses, ritmos, e características dos alumnos así como facer un *feedback* coa información obtida que nos permita facer as modificacións oportunas. Neste senso cabe dicir que as nosas programacións diarias han ser flexibles e dinámicas.
- A **interacción entre as persoas implicadas no proceso educativo**; baseándose nas relacións familia-educador; entre os nenos/as, nenos/as-educador, educador-nenos/as principalmente.
- O **desenvolvemento das capacidades dos nenos e nenas**: Para avaliar as capacidades dos alumnos/as recorrerase fundamentalmente á observación directa e sistemática nas diferentes situacións da xornada escolar. Esta observación deberá ser obxecto de planificación, xa que é preciso que, o mestre/a, saiba de antemán o que quere observar para que os datos recollidos proporcionen unha avaliación útil. Esta avaliación en ningún momento deberá referirse nunha medida ou nunha cantidade na produción ou rendemento dos nenos e nenas; e non suporá tampouco etiquetaxe algunha.

A avaliación terá un **carácter formativo** e servirá para detectar os procesos de desenvolvemento do alumnado e as súas aprendizaxes. Desenrolarase da seguinte maneira:

- **Avaliación Inicial**: desenvolvida ao comezo do curso escolar para saber o punto de partida de cada neno e nena e do seu grupo clase. Ademais, levaremos a cabo unha avaliación inicial ao comezo de cada unidade didáctica para determinar o punto de partida do alumnado.
- **Avaliación Continua**: Desenvolverase este tipo de avaliación mediante a observación directa e sistemática durante todo o curso. A revisión e análise das actuacións e actitudes dos nenos e nenas servirán para comprobar o seu progreso e servirán como instrumento de información.

- **Avaliación Sumativa:** Esta avaliación será a resultante das observacións feitas a través da avaliación continua.

9.1 Procedementos e Instrumentos de Avaliación

A avaliación é un proceso global, continuo e flexible. Para levala cabo precisamos duns instrumentos e procedementos que varían segundo o aspecto a avaliar.

Á hora de avaliar a evolución no proceso de aprendizaxe dos alumnos/as os procedementos máis empregados serán:

- Observación directa e sistemática do alumnado.
- Entrevistas coas familias dos nenos/as (cando así o soliciten mediante a titora).
- Diálogos e preguntas orais.
- Análises de expresións plásticas, dramáticas, musicais, orais, escritas,.. dependendo das idades dos nenos/as.
- Reunións co resto das mestras que imparten clase no grupo para intercambiar impresións.

Os datos recolleranse en diferentes instrumentos de avaliación, que se poden clasificar en:

- **Oficiais:** expediente persoal que contén a ficha persoal do alumno, os resumos de escolaridade, os informes anuais e o informe final de avaliación.
- **Persoais,** de formato libre seleccionados ou construídos polo profesor/a ou equipo de profesores/as (diarios de clase, as escalas de valoración e listas de control).

9.2. Avaliación do traballo docente

A avaliación é un proceso que debe ser bidireccional. O que supón que temos que avaliar a nosa actuación como profesoras e a efectividade da nosa programación. É fundamental avaliar a interacción de todos aqueles que interveñen no proceso de aprendizaxe, resulta igualmente útil como procedementos a observación das interaccións e as entrevistas individuais cos implicados. Como instrumento de recollida de datos empregaremos os diarios. A organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro e da aula tamén serán tidos en conta na nosa avaliación. Os procedementos a empregar serán a observación e a reflexión sobre a súa suficiencia, adecuación e emprego axeitado por nós e polas alumnas e alumnos.

Para recoller estes aspectos os instrumentos de avaliación son a propia programación e diarios de aula.

- **Avaliación da propia actuación docente:** empregárase un diario persoal para rexistrar dita actividade. Completárase unha folla de autoavaliación ao final do ano académico.

- **Avaliación da unidades didácticas:** completaremos unha folla de avaliación aos final de cada unidade didáctica para rexistrar os posibles problemas e as decisión tomadas.
- **Avaliación da Programación:** completarse unha avaliación da programación ao final de cada curso académico para comprobar se a programación se adaptou ao alumnado e foi o suficientemente completa.

9.3. Criterios de Avaliación

O currículo establece os criterios de avaliación de cada unha das áreas de experiencia que servirán de referencia para a avaliación continua. A partir deles, establecemos para a Ed. Infantil os seguintes criterios por niveis:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 4º EDUCACIÓN INFANTIL

- Adquirir hábitos elementais de respecto, axuda, colaboración organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Seguir as instrucións da clase.
- Aprender a comportarse adecuadamente nos diferentes espazos nos que se desenvolve: clase, casa, recreo, biblioteca, lugares de diversión e lecer, medios de transporte...
- Aumentar progresivamente o seu vocabulario.
- Mostrar interese polos textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas... lidos na clase.
- **Mostrar unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.**
- **Participar na interpretación e representación de cancións.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 5º EDUCACIÓN INFANTIL

- Desenvolver habilidades para traballar en equipo.
- Adquirir hábitos elementais de respecto, axuda, colaboración organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Seguir as instrucións da clase.
- Aprender a comportarse adecuadamente nos diferentes espazos nos que se desenvolve: clase, casa, recreo, biblioteca, lugares de diversión e lecer, medios de transporte...
- Aumentar progresivamente o seu vocabulario.
- Mostrar interese polos textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas... lidos na clase.

- **Mostrar unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.**
- **Participar na interpretación e representación de cancións.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 6º EDUCACIÓN INFANTIL

- Valorar, respectar e aceptar as diferenzas.
- Desenvolver habilidades para traballar en equipo.
- Seguir as instrucións da clase.
- Adquirir hábitos elementais de respecto, axuda, colaboración organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Aprender a comportarse adecuadamente nos diferentes espazos nos que se desenvolve: clase, casa, recreo, biblioteca, lugares de diversión e lecer, medios de transporte...
- Aumentar progresivamente o seu vocabulario.
- Mostrar interese polos textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas... lidos na clase.
- **Mostrar unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.**
- **Participar na interpretación e representación de cancións.**